

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARTEIXO  
CURSO: EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1º A-B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.	Coñece, respecta e coida a obra creada.
Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.

## 2º A-B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Entender o paraíso como expresión de amizade de Deus coa humanidade.	Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.	Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
Aprender o significado do tempo de Advento.	Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
Identificar o significado profundo do Nadal.	Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.
Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.

### 3º A-B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

#### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.
Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar ao pobo.
Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.	Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.	Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da igrexa.
Comprender que a oración do Nosopai expresa a pertenza á comunidade eclesial.	Explica significativamente a orixe do Nosopai.

## 4º A-B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	Comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

## 5º A-B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	Xustifica críticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.	Define o término bíblico de Alianza.
Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	Clasifica e é consciente do contido do decálogo.
Distinguir os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.	Nomea algúns grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.
Coñecer e Interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.	Recoñece algúns dos milagres mais importantes de Xesús.
Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	Identifica as funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.

## 6º B-C EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	Identifica e xulga situación nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	Valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.
Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	Extrapolas as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos
Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.	Extrapolas e explica os principais signos pascuais.
Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	Coñece a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna.</p> <p>Se flexibiliza, os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación teñen un carácter diagnóstico e formativo, e permiten as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non foron abordados.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais, os instrumentos de avaliación que empregaremos de forma preferente son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Escalas de valoración e listas de control de rexistro de tarefas telemáticas.</li><li>b) Intervencións e actuación nas aplicacións e actividades existentes e enviadas cada semana .</li><li>c) Outros que poidan establecerse segundo as propostas telemáticas establecidas.</li></ul>

<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas , e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas.</p> <p>Poderá promocionar alumnado, e de maneira excepcional, neste curso 2019-20 sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentes. Habrá un informe individual que terá carácter informativo e orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021</p>
-----------------------------------	--



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Desenvolvemento de actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición.</p> <p>Estas actividades se propoñen semanalmente e expóñense na páxina web do cole de Relixión do centro, en diferentes entradas por nivel.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Para o alumnado con conectividade intercámbianse actividades online con actividades en formato papel. Inténtanse que sexan o máis motivantes posibles. Semanalmente dende a web do centro mándanse unha serie de tarefas interactivas que se poden facer online e tamén en papel.</p> <p>Con respecto ao alumnado sen conectividade mantense con eles un seguimento continuo por outros medios.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os materiais específicos que se trasladen de forma telemáticas e os materiais habituais de traballo no ámbito docente.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Toda comunidade educativa, en especial as familias e alumnado, serán informados deste procedemento ao traveso das distintas canles de publicación que emprega o Centro;</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Información na páxina web do centro.</li> <li>--Información por comunicación titorial.</li> <li>-Información e comunicación a través do meu correo electrónico.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e demais medios habituais do Centro.